



PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS GRAO MEDIO E SUPERIOR

ACCESO A CICLO DE GRAO MEDIO

1.- REQUISITOS DE ACCESO

- ✚ As probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao medio van dirixidas ás persoas que non cumpran os requisitos académicos de acceso a Ciclos Formativos de Grao Medio.
- ✚ Para poder concorrer á proba é necesario ter **CUMPRIDOS 17 ANOS OU CUMPRILOS NO ANO NATURAL** de celebración da proba (cumpridos antes do 31 de decembro de 2018)

2.- PARTES DA PROBA

A proba divídese en tres partes:

- Sociolingüística: Lingua castelá, Lingua galega, Ciencias sociais.
- Matemática: matemáticas.
- Científico-técnica: Ciencias da natureza, Tecnoloxía.

- ✚ A proba dará lugar a obtención dunha certificación na que constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.
- ✚ A certificación da superación da proba dará acceso a calquera Ciclo Formativo de Grao Medio, nas condicións de admisión que se establezan.
- ✚ Para quen realizase a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superase na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a 5 nas convocatorias de probas de acceso a Ciclos Formativos de Galicia durante os 2 anos seguintes.
- ✚ Existirá unha porcentaxe de reserva de prazas por cada centro e ciclo para as persoas que accedan pola cota de proba de acceso. A adxudicación de praza estará condicionada pola cualificación obtida na proba.

3.-MATERIAIS DIDÁCTICOS E EXAMES DE PROBAS ANTERIORES

Na páxina web da Xunta de Galicia tes á túa disposición materiais didácticos e exames de probas anteriores: <http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-medio>



ACCESO A CICLO DE GRAO SUPERIOR

1.- REQUISITOS DE ACCESO

- ✚ As probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao Superior van dirixidas ás persoas que TEÑAN POLO MENOS 19 ANOS OU OS FAGAN NO ANO DE REALIZACIÓN DA PROBA (cumpridos antes do 31 de decembro de 2018) e non cumpran os requisitos académicos de acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior.

2.- PARTES DA PROBA

A proba divídese en dúas partes:

- Parte común: lingua galega, lingua castelá e matemáticas
- Parte específica:
 - Opción A: economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía
 - Opción B: debuxo técnico, tecnoloxía industrial, e física.
 - Opción C: ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

(Na parte específica só terás que realizar aquela opción relacionada cos estudos de FP de Grao Superior que queiras cursar)

- ✚ A proba dará lugar á obtención dunha certificación na que constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.
- ✚ No caso de superación da proba, a devandita certificación incluírá a relación de familias profesionais ás que se poderá acceder, nas condicións de admisión que se establezan.
- ✚ Para quen realizase a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superase na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a 5 nas convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de Galicia durante os dous anos seguintes.

3.- EXAMES DE PROBAS ANTERIORES

Na páxina web da Xunta de Galicia tes á túa disposición exames de probas anteriores:

<http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-superior>



CALENDARIO DE INSCRIPCIÓN E REALIZACIÓN DAS PROBAS

Probas de acceso	Datas grao superior	Datas grao medio
Inscripción para a proba.	8 – 23 febreiro	12 - 23 marzo
Publicación das listaxes provisionais: -de inscrición. -de exencións. -de proba adaptada.	6 marzo	16 abril
Reclamación contra as listaxes provisionais.	7 - 9 marzo	17 – 20 abril
Publicación das listaxes definitivas: -de inscrición. -de exencións. -de proba adaptada.	23 marzo	15 maio
Publicación dos centros públicos onde se realizarán as probas cos centros de inscrición que teñen adscritos.	23 marzo	15 maio
Celebración da proba.	19 abril	31 maio

**NON TE QUEDES
CON DÚBIDAS!!
CONSULTA COA
TÚA
ORIENTADORA**

